

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA PARTE A DA PROBA

DATA PUBLICACIÓN: [14/06/2023]

CC1. HAI ÍNDICE (0,25 puntos). Presenta un índice claro, detallado, ordenado, coherente e completo sobre os contidos que se van desenvolver.

CC2.HAI CLARIDADE EXPOSITIVA E FORMAL (0,75 puntos). Cínguese con rigor ao que pide o enunciado do tema elixido. Expón e elabora un discurso unitario, estruturado e coherente. Hai claridade expositiva. Hai consistencia discursiva. Expón con visión pedagóxica, botando man (cando fora posible) de exemplos e/ou recusos que faciliten o entendemento dos contidos expostos, e argumenta permitindo unha comprensión fácil e correcta. Non divaga. Non se repite.

CC3.FAI A CONTEXTUALIZACIÓN, CON PROFUNDIDADE E CLARIDADE, SOBRE OS ASPECTOS TRATADOS NO TEMA ELIXIDO, CINGUÍNDOSE CON RIGOR AO SEU ENUNCIADO (2,00 puntos). Hai rigor histórico e epocal. Sitúa/Relaciona/Vincula os aspectos e contidos tratados coas circunstancias, problemas e/ou situacións históricas, sociais, económicas e/ou culturais. Sitúa/Relaciona/Vincula os aspectos e contidos tratados nun encadre filósófico e científico. Aporta autoras e autores de referencia, ou correntes de pensamento, que sitúan, encadran e/ou propician os contidos e as problemáticas que se tratan no desenvolvemento do tema.

CC4. FAI UN DESENVOLVEMENTO, CON PROFUNDIDADE CIENTÍFICA E FILOSÓFICA, DA EXPOSICIÓN SOBRE O QUE PIDE O ENUNCIADO DO TEMA ELIXIDO (5.00 PUNTOS). Satisface con claridade os contidos filósóficos para expoñer, explicar, resolver e/ou respostar ao enunciado do tema elixido. Hai profundidade na exposición, na explicación e no tratamento dos contidos filósóficos, para respostar ao enunciado do tema elixido. Emprega rigorosamente o vocabulario filósófico específico para desenvolver o que pide o enunciado do tema elixido. Usa a terminoloxía filósófica específica para o tratamento do tema elixido. Identifica claramente os problemas filósóficos, os contidos e as liñas argumentativas desde as que plantexar e expoñer o tema, e desde as que desenvolver os contidos do tema elixido.

CC5. HAI TRATAMENTO DA TRANSVERSALIDADE E INTERDISCIPLINARIEDADE (0,50 puntos). Trata, remite ou relaciona, con claridade e profundidade filósófica, os problemas que plantexa o tema e/ou os contidos expostos, con valores (éticos, estéticos, políticos...) e/ou outros contidos ou problemas transversais. Expón os contidos con visión interdisciplinar. Alude a recursos e referencias non filósóficas (curtas e películas, cadros, novelas, documentais, investigacións e experimentos científicos, pezas musicais, etc).

CC6. HAI ENFOQUE E PRESENTACIÓN CRÍTICA (1,00 puntos). Enfoca e formula o tema elixido de forma creativa. Fai unha valoración persoal, clara e

fundamentada, sobre os contidos desenvolto no tema elixido. Desenvolve o tema de maneira non dogmática. Conecta o tema con aspectos e problemas sociais, económicos, culturais e científicos da actualidade. Conecta o tema con aspectos e problemas filosóficos e científicos da actualidade. Deixa abertas cuestións ou suxestións interpretativas, e inclusive formula posibles dilemas, paradoxos e contradicións.

CC7. PRESENTA, EXPÓN OU TRABALLA BIBLIOGRAFÍA (0,50 puntos).

Aporta, recolle e cita, de forma comentada, bibliografía específica sobre o tema proposto, ou sobre os problemas e contidos tratados no tema (0,50). Comenta bibliografía secundaria, e inclusive cita bibliografía para apoiar a parte contextual. Neste punto non se valorará citar ou referir a manuais de Historia do pensamento/filosofía como bibliografía xeral. Si se valorará a súa cita ou a súa referencia para expoñer determinado aspecto crítico ou determinado enfoque propio sobre un contido do tema exposto. Neste punto, no tratamento dos temas comprendidos entre o 47 e o 71, non se valorará citar ou referir ás obras propias das autoras e autores que aparecen mentadas ou mentados no enunciado dos temas. Si se valorará a referencia directa e inmediata a obras desas autoras e deses autores sobre determinado aspecto ou problema do tema elixido.